

Concreción anual



CEIP Juana de Vega

1.- <i>Introdución</i>	3
2.- <i>Características do centro</i>	4
3.- <i>Concreción anual do plan de convivencia e benestar</i>	5
3.1. <i>Membros do Equipo de Convivencia</i>	5
3.2. <i>Funcionamento do equipo:</i>	5
3.3. <i>Obxectivos para o curso 2023/2024:</i>	5
3.3. <i>Actividades previstas:</i>	6
3.3.1. <i>Actividades previstas co profesorado:</i>	6
3.3.2. <i>Actividades previstas coas familias:</i>	6
3.3.3. <i>Actividades previstas co alumnado:</i>	6
3.3.4. <i>Criterios de actuación e procedemento de resolución de conflitos:</i>	7
3.3.5. <i>Estratexias para a súa difusión e seguimento:</i>	7
4. <i>PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA</i>	8
4.1. <i>Introducción:</i>	8
4.2. <i>Obxectivos e indicadores:</i>	9
4.3. <i>Coordinadora de benestar e funcións:</i>	11
4.3.1. <i>Persoa coordinadora de benestar e convivencia:</i>	11
4.3.2. <i>Funcións:</i>	11
4.4. <i>Plan de actuación:</i>	12
4.5. <i>Estratexias para a súa difusión e seguimento:</i>	13

1.- Introducción

Tal e como se establece na actual lei de educación: Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu Artigo 1, un dos fins desta é *a educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e, en especial, no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar o alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.*

No caso da nosa comunidade, en 2011 publícase a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, co obxectivo de “*crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan acadar e manter un clima de convivencia de calidade e que, simultaneamente dignifiquen a profesión docente*”, partindo “*de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias*”.

No artigo 10 desa Lei sinálase que o proxecto educativo de cada centro docente incluirá un **plan de convivencia** que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da mesma e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Por outra banda, en 2015 publícase o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, e este mesmo ano 2023, publícase a Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, na que se indica a necesidade de establecer dentro do plan de convivencia o plan de traballo de benestar.

Tendo en conta á normativa anterior, realízase a continuación a **concreción do plan de convivencia e benestar** que se expón a continuación.

2.- Características do centro

O CEIP Juana de Vega sitúase na Parroquia de San Pedro de Nós, no sur do Concello de Oleiros. Delimita ao Leste e Oeste coas parroquias oleirenses de Liñas e Liáns e limita co Concello de Cambre polo sur. Creouse no ano 2015, contando na actualidade con 6 unidades de Ed. Infantil e 13 de Ed. Primaria pertencendo case a totalidade do alumnado á área de influencia, se ben tamén recibimos alumnado de áreas limítrofes ou doutros concellos.

O equipo docente está composto por 35 membros. Parte do equipo docente non é definitivo feito que dificulta o coñecemento e seguimento do alumnado.

Os espazos de uso común son reducidos, o que dificulta a optimización do seu uso, así como a posible organización de grupos de desdobre e outras actividades.

Neste punto dicir que a parte dos nados en países pertencentes a U.E., o maior número de nenos e nenas no noso Centro, proceden de Latinoamérica, e corresponden na súa maior parte a Brasil, Venezuela, Colombia e Arxentina. Os alumnos/as procedentes destes países atendidos no CEIP, representa aproximadamente un 10% do alumnado existente.

En liñas xerais, este concello conta cunha grande parte de poboación que pode clasificarse en nivel socioeconómico medio alto, sendo a lingua máis empregada o castelán, aínda que coñecendo e entendendo o galego, agás alguna excepción en caso de familias estranxeiras.

O alumnado continúa os estudos no IES Miraflores, centro ao que está adscrito este colexio.

3.- Concreción anual do plan de convivencia e benestar

3.1. Membros do Equipo de Convivencia

- ✓ Irene Regueira Pena: Mestra de Pedagogía Terapéutica.
- ✓ Patricia Amigo Pou: Mestra de Pedagogía Terapéutica.
- ✓ María Menéndez Canosa: Mestra de Audición e Linguaxe
- ✓ Inés Edreira Domínguez: Mestra de Audición e Linguaxe.
- ✓ Laura Couso Sotelo: orientadora, substituta de Yolanda Souto Raposo

3.2. Funcionamento do equipo:

O funcionamento do equipo será o seguinte:

- ✓ Manterá cando mínimo tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- ✓ Reunirase tantas veces sexa necesario de xeito extraordinario
- ✓ As reunións celebraránse os luns en horario de 16:00 a 17:00.

3.3. Obxectivos para o curso 2023/2024:

Os obxectivos que se pretenden acadar este curso son:

- ✓ Promover e desenvolver actuacións que fomenten un clima axeitado no centro.
- ✓ Ofrecer ferramentas para a resolución pacífica de conflitos acorde ao establecido no Plan de Convivencia e Benestar.
- ✓ Promover a formación de todos os membros da comunidade educativa en materia de convivencia.
- ✓ Favorecer a toma de decisións por consenso.
- ✓ Concenciar á comunidade educativa da importancia de lograr un bo clima de convivencia.
- ✓ Favorecer e facilitar a participación, comunicación e cooperación das familias na actividade do centro.
- ✓ Favorecer a integración do novo alumnado e profesorado desenvolvendo acción que faciliten a súa adaptación.

- ✓ Dar resposta ao acoso e intimidación en canto a súa prevención, tratamento e erradicación.
- ✓ Dinamizar os tempos de lecer nos recreos para evitar conflitos.
- ✓ Regular as entradas, saídas e circulación polos corredores fomentando a adquisición de condutas cívicas de respecto para previr conflitos.

Os obxectivos propostos teñen como finalidade promover e desenvolver actuacións que fomenten un axeitado clima no centro.

Sempre teremos presene que, os conflitos deberán ter unha resolución pacífica e educativa, sendo a mediación a principal técnica empregada para dita resolución.

3.3. Actividades previstas:

3.3.1. Actividades previstas co profesorado:

- ✓ Sensibilización e motivación. Creación do equipo de convivencia.
- ✓ Planificación de actividades para o curso
- ✓ Presentación das actividades para cada trimestre.

3.3.2. Actividades previstas coas familias:

- ✓ Acollida.
- ✓ Información das actividades previstas.
- ✓ Escolas de Nais e Pais
- ✓ Xornada convivencia

3.3.3. Actividades previstas co alumnado:

- ✓ Acollida.
- ✓ Consenso das normas da aula
- ✓ Establecemento dos responsables de aula
- ✓ Educación para a saúde: importancia
- ✓ Prevención de drogodependencias.
- ✓ Patios dinámicos

3.3.4. Criterios de actuación e procedemento de resolución de conflitos:

En canto aos procedementos a seguir para a resolución dos conflitos, poden ser consultados no Plan de Convivencia e Benestar (PCB), onde aparecen claramente especificados e detallados.

3.3.5. Estratexias para a súa difusión e seguimento:

Levaranse a cabo no centro docente as seguintes actuacións de difusión e seguimento:

- ✓ Trimestralmete o DO informará ao profesorado das actividades incluídas neste Plan que se van realizar durante o trimestre.
- ✓ A comezos de curso, nas reunións colectivas coas familias, o profesorado titor informará das normas recollidas no PCB e das actividades que se van realizar, así como das NOF, especificando as que son propias para o alumnado e as que están destinadas para as familias.
- ✓ Asimesmo, o profesorado xunto co alumnado adaptará as normas e as correccións do presente plan, adecuándoas ao seu nivel.
- ✓ Trimestralmente a Comisión de Convivencia do Consello Escolar elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas neste período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.
- ✓ Unha copia do informe elevarase á inspección educativa.
- ✓ Anualmente realizarase unha memoria na que se analizaran os resultados da convivencia no centro a través de enquisas a todos os membros da comunidade educativa así como sobre o aproveitamento das actividades propostas.

4. PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

4.1. Introducción:

Tendo en conta o establecido na Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, a partir deste curso escolar 2023/2024, todos os centros educativos, independentemente da súa titularidade, deben contar cun coordinador/a de benestar e protección.

Esta nova Orde supón unha oportunidade para que o alumnado conte con maior protección fronte a calquera tipo de violencia posto que as escolas son lugares de interacción social nos que en ocasións se suceden conflitos, polo que se convierten en lugares esenciais para aprender a resolver conflitos e establecer relacións positivas de respecto mutuo, en definitiva, a escola é un lugar no que debemos aprender a convivir.

Coa elaboración deste plan buscamos xerar dinámicas que contribúan ao benestar da comunidade escolar, e por iso creemos indispensable loitar pola erradicación dos conflitos no centro educativo, propiciando unhas mellores condicións para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Non temos dúbida de que a convivencia constitúe un pilar fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe, polo que a educación non pode nin debe entenderse como un proceso bidireccional, senón como un proceso de interacción continuo co entorno e con todos os axentes implicados no mesmo.

Tendo en conta todo o exposto ata o momento, a convivencia pode entenderse como o conxunto de relacións interpersoais que se producen no contexto educativo, baixo unha serie de principios e normas que debe seguir a comunidade educativa no seu conxunto.

Ademais, baseándonos no Decreto 8/2015 de convivencia escolar, establece que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do

cumprimento e na avaliación das normas de convivencia do centro; e polo tanto creemos indispensable que todos e todas colaborem activamente na posta en práctica deste plan, de dinámicas que favorezan a convivencia, e so deste xeito, remando todos na mesma dirección, conseguiremos un mellor clima escolar.

Este plan toma como referencias legislativas para a súa redacción, as seguintes disposición legais:

- ✓ Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación (LOMLOE).
- ✓ Lei orgánica 8/2021 de 4 de xuño de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- ✓ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, así como o Decreto 8/2015 que a desenvolve
- ✓ A Estratexia galega de convivencia escolar 2025, que establece como unha das liñas de actuación a mellora da coordinación de benestar e protección do alumnado a través da figura da persoa que exerza dita coordinación nos centros educativos, de maneira que se convertirá nun referente para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou no seu entrono.

Ademais este plan redáctase tendo en conta os distintos protocolos elaborados pola Consellería de Educación dentro da estratexia educonvives.gal.

4.2. Obxectivos e indicadores:

Tendo en conta que as accións encamiñadas ao benestar común son a principal fonte de benestar persoal propóñense os seguintes obxectivos para o curso escolar 2023/2024:

OBXECTIVOS	INDICADORES DE AVALIACIÓN
<p>OBX1: Detectar e previr situación conflitivas entre os membros da comunidade educativa partindo de instrumentos como cuestionarios ou sociogramas</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Nivel de participación nestes sociogramas. 2. Análise de resultados dos mesmos. 3. Número de casos de discriminación, acoso... detectados.
<p>OBX 2: Garantir a implantación de medidas de sensibilización para a redución/eliminación de todo tipo de violencia e discriminación.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Éxito das actuacións realizadas. • Grado de satisfacción. 2. Interese e participación do alumnado nas propostas. 3. Participación e coordinación entre os membros da comunidade educativa.
<p>OBX 3: Optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular daquel con necesidade de apoio educativo.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valorar a inclusión do alumnado tras as propostas. 2. Participación do alumnado NEAE nas diferentes actividades.
<p>OBX 4: Incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a consecución dunha convivencia de calidade</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Nivel de coordinación entre o equipo docente e os servizos externos. 2. Número de sesións de formación en materia de convivencia.
<p>OBX 5: Informar ao profesorado do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Número de guías ou textos elaborados e difundidos. 2. Valoración da información ofrecida. 3. Número de protocolos abertos
<p>OBX 6: Prestar unha atención permanente ao desenvolvemento emocional do alumnado e do profesorado, así como das súas familias</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Número de casos atendidos. 2. Valoración da resposta recibida.
<p>OBX 7: Fomentar a colaboración con especialistas en benestar e convivencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Número de coloquios ofertados. 2. Valoración da información recibida.

Como obxectivos máis específicos en relación ao alumnado destacar especialmente os seguintes:

1. Examinar hábitos persoais para a prevención de posibles problemas emocionais.
2. Regulación da ira para a prevención da violencia.
3. Identificar as propias emocións
4. Autoxerar emocións positivas.
5. Proporcionar habilidades de vida e benestar.
6. Evitar as distorsións cognitivas frecuentes e os pensamentos automáticos.

4.3. Coordinadora de benestar e funcións:

4.3.1. Persoa coordinadora de benestar e convivencia:

O presente curso 2023/2024 a persoa responsable do exercicio das funcións que se expoñen a continuación é Laura Couso Sotelo, substituta de Yolanda Souto Raposo

4.3.2. Funcións:

As funcións que debe realizar a persoa coordinadora de benestar e convivencia son as que aparecen recollidas no Artigo 3 da Orde de 23 de agosto de 2023 destacando fundamentalmente as seguintes:

- ✓ Colaborar na dinamización do plan de convivencia do centro.
- ✓ Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos e propoñer ao profesorado impartir contidos relacionados coas habilidades sociais, intelixencia emocional, mediación, etc.
- ✓ Identificarse ante a comunidade educativa como o principal referente no momento que exista un caso de violencia.
- ✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia.
- ✓ Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade, entre outras.

4.4. Plan de actuación:

Para o presente curso e, sempre partindo dunha análise previa da situación da convivencia e benestar no centro, realízase a seguinte proposta de actividades:

PROPOSTA 1: Elaboración e análise de sociogramas	
Obxectivos: OBX1	Temporalización: 1º Trimestre
Actividades: Elaborar sociogramas para comprobar si existen alumnos/as en risco de sufrir acoso escolar así como para extraer información sobre os conflitos existentes no centro.	
PROPOSTA 2: Dinámicas para a mellora da convivencia	
Obxectivos: OBX2, OBX3 e OBX6	Temporalización: Todo o curso.
Actividades: 1. O banco da amizade. (Situados en cada unha das plantas) 2. Buzón contra o acoso escolar. (Situado na primeira planta)	

PROPOSTA 3: Patios inclusivos.	
Obxectivos: OBX2 e OBX3	Temporalización: Todo o curso.
Actividades: Colaborar cos campionatos organizados polo centro para favorecer a inclusión do alumnado.	

PROPOSTA 4: Promover a formación en convivencia	
Obxectivos: OBX4, OBX5 e OBX7	Temporalización: Todo o curso.
Actividades: Ao longo do curso trataremos de coordinarnos con servizos externos e asociacións para que acudan ao centro co obxectivo de impartir formación en materia de convivencia e benestar emocional.	

PROPOSTA 5: Programa de habilidades sociais	
Obxectivos: OBX6 e obxectivos específicos alumnado	Temporalización: Todo o curso.
<p>Actividades: Ao longo do curso trataremos de implementar no centro un programa de habilidades sociais que se levará a cabo a través das titorías, para dotar ao alumnado de recursos que lle axuden a identificar e expresar as propias emocións e identificar as dos demais así como dotalos de ferramentas para o autoregulamento.</p>	

4.5. Estratexias para a súa difusión e seguimento:

Este plan será revisado e actualizado cando sexa necesario, coa finalidade de adaptarse a todas aquelas situacións que poidan xurdir ao longo do presente curso, e polo tanto, que poidan afectar ao clima de convivencia e benestar no ámbito educativo.

Para a súa avaliación teranse en conta os indicadores de cada obxectivo proposto, que nos permitirán avaliar o nivel de logro acadado, reflexándose en todo caso, nunha memoria final, a consecución dos obxectivo e, incluíndose as propostas de mellora que se consideren oportunas.